

Comisións do Pleno - Corporación 2019-2023

Decreto Alcaldía de nomeamento de Presidente da comisión especial de Suxestións e Reclamacións.

Por Decreto da Alcaldía de 25.06.2019, nomeouse aos/as presidentes e vicepresidentes das comisións do Pleno, nomeándose como Presidenta da comisión especial de Suxestións e Reclamacións á concelleira Paloma Castro Rey.

Na sesión do Pleno do Concello de 18.08.2020 tomouse coñecemento da renuncia da concelleira Paloma Castro Rey ao cargo de concelleira, polo que resulta preciso nomear a un Presidente para indicada comisión Especial.

Polo tanto, e de conformidade cos arts. 132 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra, e 125 a) do Rd 2568/1986, DECRETO:

Primeiro.- Nomear como Presidente da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións ao concelleiro Iván Puentes Rivera.

Segundo.- Dar conta ao Pleno do concello na vindeira sesión que celebre.

Así o manda e firma a Alcaldía, en Pontevedra á data da sinatura, do que eu, Secretario, dou fe.

